




Peche Exercicio 2024

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2025
Consellería de Facenda e Administración Pública

Galicia pechou o orzamento de 2024 cun superávit do 0,25%



-  Mellorando as previsións iniciais do ano 2024, onde o obxectivo era xa o déficit cero,
-  A liquidación orzamentaria máis positiva dos 41 anos de autonomía.


A **redución do déficit** das Administracións Públicas en 2024 débese en maior medida ao esforzo das **Comunidades Autónomas**

	Importe		% s PIB	
	2023	2024	2023	2024
Galicia	-88	202	-0,11	0,25
Subsector CC.AA	-13.726	-1.638	-0,92	-0,10
Admón Central	-30.270	-41.106	-2,02	-2,58
Total AAPP	-52.669	-44.597	-3,52	-2,80

 Galicia contribuíu á consecución do obxectivo de déficit cun esforzo respecto de 2023 de 0,36 puntos do PIB.

Galicia forma parte do grupo de CC.AA. que pecharon o ano 2024 cun superávit moderado

Superávit (+) / Déficit (-) 2024. Porcentaxe sobre o PIB




■ Fronte a unha liquidación inusualmente elevada do sistema de financiamento do ano 2022, recibida no terceiro trimestre.

■ Galicia identificou unha alternativa que permitiu mellorar as nosas finanzas públicas.

Galicia completou a senda de consolidación **blindando** o financiamento dos **servizos públicos**

Galicia lidera o esforzo investidor




■ En 2024 Galicia realiza o maior esforzo investidor de todas as CCAA, alcanzando o 16,4%

- O esforzo investidor maniféstase en:
- + de 90 M€ en hospitais
 - + de 11 M€ en centros de Saúde
 - + de 30 M€ en obras en centros de ensino
 - + de 28 M€ en estacións intermodais
 - + de 19 M€ en obras hidráulicas
 - + de 14 M€ en construción e reformas de centros de servizos sociais
 - +

Galicia cumpre novamente co obxectivo de déficit


Galicia - CCAA. Resultado en termos de C.N.
Superávit (+) / Déficit (-)



- Igual que antes, tras a pandemia Galicia acumula cinco anos máis de cumprimento de obxectivos de estabilidade.
- Cun comportamento mellor que a media das CCAA.



Galicia presenta unha **mellor situación** das contas económicas dende a pandemia



Crecedemento do 2024 con:

- + 17.000 Empregos xerados
- + 1.416 M€ de Investimentos Xunta
- 234M€ de Débeda pública
- 300M€ en Impostos autonómicos

 Cun crecedemento máis sostible e equilibrado, onde aportan tanto a demanda interna como o sector exterior.

Evolución 2024 dos ingresos orzamentarios

(Datos en M€)

	2023	2024
Ingresos tributarios (1+2+3)	7.457	7.895
Ingresos transferencias (4+7)	4.351	5.281
Resto ingresos non financeiros (5+6)	51	57
TOTAL ingresos non financeiros	11.859	13.233


Baixamos os impostos e incrementamos a recadación fiscal

300 M€ de aforro ás familias en rebaixas fiscais



+1.374 M€

+11,6%

 O maior dinamismo económico e o emprego, aumentan os ingresos tributarios e permiten continuar coa política de alivios fiscais, que á súa vez estimulan a demanda interna e o crecemento

Evolución 2024 dos ingresos tributarios

(Datos en M€)

Tributos	2023	2024	Variación	
	Recadación líquida	Recadación líquida	Abs	%
IRPF	3.109	3.378	269	8,7%
IVE	2.398	2.713	315	13,1%
Consumos específicos	905	811	-94	-10,4%
Sucesións e Doazóns	146	142	-4	-3,0%
Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Docs	315	354	39	12,3%
Resto Impostos	205	216	11	5,5%


- Os impostos cedidos crecen pola mellora sostida da economía e do emprego, sobre todo o IRPF +8,7%, e polo consumo e o aumento dos prezos tamén sube o IVE +13,1%.
- Os IIEE reflicten o impacto das rebaixas para compensar a suba dos prezos, 2 de cada 3 euros das medidas aplicadas polo Goberno central para paliar os efectos da inflación foron financiadas polas CCAA, isto supuxo unha merma de 153 millóns de euros para a facenda galega.
- Nos tributos xestionados pola xunta destaca o ITP polo dinamismo do mercado inmobiliario, a pesar da baixas tributarias crece un +12,3%,

Execución 2024 dos gastos orzamentarios

(Datos en M€)

	2023	2024
Gastos correntes	10.205	11.010
Gastos de capital	1.881	1.949
TOTAL gastos non financeiros	12.086	12.959

 **+7,2%**
+872M€



+ 389 M€ en Sanidade
+ 123 M€ en Educación
+ 117 M€ en Dependencia

**MELLORAMOS O
BENESTAR DOS GALEGOS**




- Sen o impacto orzamentario da execución do MMR, a execución de 2024 aumenta ata o **102%**
- Gasto de funcionamento dos servizos, **+6,2%**, Investimentos reais **+19,6%**, Farmacia hospitalaria **+17,8%**, Receita farmacéutica **+4,8%**, Outras transferencias a familias **+5,9%**

Execución acumulada ata 2024 do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia



- Galicia é a CC.AA. coa **2º maior taxa de resolución**, superando en case 20 puntos a media das CC.AA. (18,3) e a Administración Xeral (17,6)
- No ano 2024 executáronse preto de 275 millóns de euros de proxectos financiados co MRR


E todo isto pagando con axilidade aos provedores





- 723.570 facturas pagadas en 2024
- **4.406 M€** pagados aos 15.691 provedores

- O período medio de pagamento da Xunta no 2024 reflicte unha media de **17,3 días**.
- Por tanto **pagamos 13,8 días antes que a media das CCAA**, sendo un ano máis a segunda CA que o fixemos con maior axilidade.

E pechando o ano 2024 cunha **redución da débeda pública**, que adianta o obxectivo para o ano 2028




-  No período 2008 – 2024, Galicia amosa o seu compromiso coa sustentabilidade das finanzas públicas asumindo o control da débeda, pasando **de ser a 4ª máis endebedada á 4ª con menor endebedamento** das CCAA de réxime común
-  A **débeda por habitante** sitúase na comunidade galega nos 4.395 euros fronte aos 6.870 euros da media de comunidades, co que cada galego debe hoxe **2.474 euros menos** que os habitantes da media das comunidades.


Evolución do endebedamento postpandemia

Ratio débeda / PIB	2019	2020	2021	2022	2023	2024	19-24	
Galicia	17,5	19,6	18,2	16,8	15,7	14,5	-3,0	↓
CCAA	23,5	26,9	25,3	23,1	21,7	21,1	-2,4	
Administración Central + Seguridade Social	91,9	114,6	111,6	106,7	103,6	101,5	9,6	↑












- Galicia non so recuperou o **nivel de endebedamento anterior á pandemia**, senón que se atopa **tres puntos porcentuais por debaixo** do mesmo na actualidade.
- Pola contra, o goberno central atópase case dez puntos sobre o nivel pre pandemia

Adiantamos as previsións de redución da débeda pública do Plan estratéxico de Galicia



 A política de control da débeda do Goberno galego permite **mellorar as previsións da evolución do endebedamento recollidas no Plan Estratéxico de Galicia**, polo que achegárase ao obxectivo do 13% varios anos antes do 2030, cumprindo coas previsións da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e do Pacto de Estabilidade e Crecemento Europeo.

Galicia ...

-  compatibiliza unha execución do **100%**, cun **superávit** do 0,25 e **reducindo a débeda** en 234 M€
-  combina unha **execución responsable do orzamento** cunha mellor situación das contas económicas dende a pandemia
-  **cumpre**, executando o orzamento con
 -  **Crecedemento: 2,8% PIB**
 -  **Impostos: 300 M€ de aforro**
 -  **Investimentos: o maior esforzo das CC.AA.**
 -  **Débeda: a maior redución das CC.AA.**
-  **mellora o resultado** da súas contas públicas en 2024
-  **acada o maior nivel de aforro bruto** de sempre, con 1.577 M€, que permite reforzar a política de investimentos da Xunta
-  **mellora os recursos previstos para reforzar a **sanidade, educación e dependencia****
-  **paga con máis axilidade** aos seus provedores: na metade de tempo que a media